



Se dispone lo siguiente:

Se establece como plazo de pago en período voluntario del 1 de noviembre de 2016 al 31 de diciembre de 2016, o inmediato día hábil posterior si el último día es inhábil.

Los citados recibos podrán abonarse en los plazos señalados, en cualquier oficina bancaria de las que figuran en los recibos en horario normal de atención al público.

Se hace constar que se notificarán colectivamente los respectivos recibos mediante la publicación de anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Ourense, así como a través de edictos que lo adviertan, todo esto a tenor de lo dispuesto en el artículo 102.3 de la vigente Ley General Tributaria.

Contra dichos recibos se podrá interponer un recurso de reposición en el plazo de un mes, ante el alcalde, contado desde el día siguiente al de la finalización del período de exposición pública del padrón.

Dicho padrón se expondrá al público por un plazo de quince días, contados desde el siguiente al de su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia de Ourense, a los efectos de reclamaciones por las personas interesadas. El alcalde.

Fdo.: José Luis Ferro Iglesias. (Firmado electrónicamente al margen).

R. 3.357

Celanova

Anuncio de formalización do contrato de obras de “Mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias no Concello de Celanova”

En virtude de acordo da Xunta de Goberno Local, con data 27 de xuño de 2016, adxudicouse o contrato de obras de “Mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias no Concello de Celanova”, formalizándose este en documento administrativo coa entidade mercantil Construcciones y Almacenes Manuel Viso e Hijos, SL, con data 30 de xuño de 2016, publícase isto para os efectos do artigo 154 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público.

1. Entidade adxudicadora.

a) Concello: Celanova.

b) Organismo: Xunta de Goberno Local.

2. Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: ampliación, mellora e mantemento dos camiños

de Bobadela, Barxa, Vilares e Hermide.

b) Tipo de contrato: contrato de obras.

3. Tramitación/procedemento.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: negociado sen publicidade.

4. Prezo do contrato.

Prezo: 62.571,97 €, máis (13.140,11 €), correspondentes ao IVE.

5. Adxudicación.

a) Data: 27 de xuño de 2016.

b) Contratista: Construcciones y Almacenes Manuel Viso e Hijos, SL.

c) Nacionalidade: española.

d) Importe da adxudicación: prezo 62.479,34 €, máis 13.120,66 € correspondentes ao IVE.

e) Prazo de execución: dous meses e medio.

O alcalde accidental. Asdo.: Julio Mosquera González.

(Asinado electronicamente na marxe).

Anuncio de formalización del contrato de obras de “Mejora de caminos municipales de acceso a explotaciones agrarias en el Ayuntamiento de Celanova”

En virtud de acuerdo de la Junta de Gobierno Local con fecha 27 de junio de 2016, se adjudicó el contrato de obras de “Mejora de caminos municipales de acceso a explotaciones agrarias en el Ayuntamiento de Celanova”, formalizándose este en documento administrativo con la entidad mercantil Construcciones y Almacenes Manuel Viso e Hijos, SL, con fecha 30 de junio de 2016, lo que se publica a los efectos del artículo 154 del Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de noviembre, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley de Contratos del Sector Público.

1. Entidad adjudicadora.

a) Ayuntamiento: Celanova.

b) Organismo: Junta de Gobierno Local.

2. Objeto del contrato.

a) Descripción del objeto: ampliación, mejora y mantenimiento de los caminos

de Bobadela, Barxa, Vilares y Hermide.

b) Tipo de contrato: contrato de obras.

3. Tramitación/procedimiento.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedimiento: negociado sin publicidad.

4. Precio del contrato.

Precio: 62.571,97 €, más (13.140,11 €), correspondientes al IVA.

5. Adjudicación.

a) Fecha: 27 de junio de 2016.

b) Contratista: Construcciones y Almacenes Manuel Viso e Hijos, SL.

c) Nacionalidad: española.

d) Importe de adjudicación: precio 62.479,34 €, más 13.120,66 € correspondientes al IVA.

e) Plazo de ejecución: dos meses y medio.

El alcalde accidental. Fdo.: Julio Mosquera González.

(Firmado electrónicamente al margen).

R. 3.308

A Pobra de Trives

Bases de selección para a contratación laboral temporal dun/ha avogado/a- licenciado/a como persoal laboral temporal para o Centro de Información á Muller do Concello da Pobra de Trives.

Base primeira.- Obxecto

É obxecto destas bases a cobertura, como persoal temporal por obra ou servizo determinado, dun/ha avogado/a para prestar os servizos de información e asesoramento xurídico no Centro de Información á Muller no Concello da Pobra de Trives (Ourense).

O contrato formalizarase baixo a fórmula de servizo determinado e a tempo parcial, 10 horas semanais, repartidas en dous días á semana.

Base segunda.- Funcións da praza

Son funcións da praza as seguintes:

- Proporcionar asesoramento xurídico e protocolos de actuación a favor das usuarias do servizo.

- Proporcionar información sobre recursos específicos para mulleres.

- Colaborar na asistencia integral ás vítimas de violencia de xénero.



- Aplicar o programa nacional de intervención comunitaria na área de igualdade da Secretaría Xeral da Igualdade.

- Desenvolver calquera outra actividade que teña como obxectivo prioritario a promoción da igualdade entre mulleres e homes.

- Apoio e colaboración nas actuacións que xestione ou tramite o Centro de Información da Muller do Concello.

- Apoio e colaboración co Servizo de Asuntos Sociais do Concello.

- Colaboración na elaboración de memorias e documentos relacionados co CIM.

Base terceira.- Requisitos dos aspirantes

Os requisitos dos/as aspirantes serán os seguintes:

a) Nacionalidade: ter a nacionalidade española. Ademais e de acordo co establecido na Lei 17/1993, do 23 de decembro, poderán acceder os nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, así como os estranxeiros que reúnan a condición de cónxuxes de españois/as ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito e os seus descendentes e os do seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito-menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas. As mesmas regras aplicaranse, se é o caso, ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais realizados pola Comunidade Europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as.

Ademais das persoas sinaladas no parágrafo anterior, poderán acceder a ela os/as estranxeiros/as que se atopen residindo en España, de acordo co previsto no artigo 10.2 da vixente Lei orgánica de dereitos e liberdades dos estranxeiros en España.

b) Idade: cumprir 16 anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Titulación: estar en posesión do título de licenciado/a en Dereito, ou en condicións de obtelo na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes. Cando se aleguen equivalencias de títulos achegarse, no seu día, certificado para o efecto da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. En caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán de posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación. Así mesmo estar en posesión do título que acredite o grao de Perfeccionamento no idioma galego.

d) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

e) Habilitación: non ser separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. Neste suposto de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

Base cuarta.- Instancias, prazo e convocatoria

1.- As solicitudes para participar no procedemento de selección formalizaranse no modelo de instancia que se xunta a estas bases e dirixiranse ao señor alcalde do Concello da Pobra de Trives e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello da Pobra de Trives.

Xunto coa instancia (Anexo I), deberá achegarse a seguinte documentación:

- Fotocopia cotexada do documento nacional de identidade en vigor ou pasaporte en vigor. Ademais, os/as aspirantes estranxeiros/as deberán presentar documento que acredite que é nacional da Unión Europea ou dalgún estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as.

- Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que se opta e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo ao Estado, ás comunidades autónomas ou ás entidades locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional doutro estado, non estra inhabilitado/a ou en situación equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público. Anexo II.

- Acreditación de estar en posesión da titulación esixida ou, no seu defecto, xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo, e non se admitirá como acreditación o presentar soamente a certificación académica se non consta nela ter pagadas as taxas para a expedición do título; no caso de titulacións expedidas por organismos estranxeiros deberá achegarse certificación do ministerio correspondente en que se faga constar a súa equivalencia coa esixida para o acceso.

- Acreditación de posuír a formación e experiencia profesional requirida.

- Relación de méritos que alega e documentación xustificativa e cotexada de cada un deles.

2.- O prazo será de 7 días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

3.- O anuncio de convocatoria publicarse no BOP, taboleiro de anuncios e páxina web do Concello da Pobra de Trives.

Base quinta.- Admisións e exclusións

1.- Unha vez expirado o prazo de presentación de instancias, o alcalde ditará resolución no prazo máximo de dous días naturais na que declarará aprobada a lista de admitidos/as e excluídos/as. Na devandita resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios do concello así como no páxina web, indicarse a causa de exclusión, concedendo un prazo doutros dous días naturais para a emenda de erros, incluíndo ademais a designación dos membros do tribunal de selección designado por resolución do alcalde, onde a súa composición será conforme determina a Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, tendo en conta o previsto na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, así como a lexislación concordante.

Unha vez resoltas as reclamacións convocarase ao tribunal de selección aos efectos destas bases.

Base sexta.- Procedemento de selección

O procedemento de selección será o concurso de méritos. Ademais, o tribunal de selección realizará unha entrevista relacionada cos contidos propios da praza e o servizo para prestar no Centro de Información á Muller. A valoración da entrevista será de 0 a 5 puntos.

Base sétima.- Realización da entrevista

1.- Unha vez realizada a valoración dos méritos alegados polos/as aspirantes, o tribunal de selección procederá, no



prazo de tres días, a convocar aos aspirantes para os efectos de realizar a entrevista conforme o determinado na base anterior.

Os contidos propios sobre os que versará a entrevista serán:

- Coñecemento dos protocolos de actuación a favor de vítimas de violencia de xénero e normativa legal de aplicación.
- Coñecemento dos recursos específicos para vítimas de violencia de xénero: axudas, cursos, etc.
- Coñecemento do programa nacional de intervención comunitaria na área de igualdade.
- Coñecemento de actividades que teñan como obxectivo prioritario a promoción da igualdade entre mulleres e homes.
- Exposición de propostas de actuación en apoio e colaboración coas que se desenvolven, xestionen ou tramiten no Centro de Información á Muller.
- Propostas de apoio e colaboración co Servizo de Asuntos Sociais Municipais.
- Coñecemento na elaboración de memorias e documentos relacionados co Centro de Información á Muller.

Base oitava.- Valoración de méritos

A valoración dos méritos farase de acordo ao seguinte baremo:

1.- Experiencia profesional:

- Por experiencia laboral en posto de traballo igual ao que se convoca: 0,10 puntos por mes traballado, ate un máximo de 12 puntos, valorando as horas efectivas de prestación do servizo por mes.

- Docencia: por ter impartido cursos universitarios de contido xurídico, 0,20 puntos por cada 30 horas de docencia, até un máximo de 5 puntos; por impartir cursos na administración pública, 0,10 puntos por cada 30 horas de docencia, até un máximo de 3 puntos.

2.- Formación complementaria en cursos de contido xurídico, igualdade de oportunidades ou violencia de xénero impartidos por escolas públicas de formación de persoal ao servizo das administracións públicas, organismos da administración, institucións públicas ou debidamente homologadas por estas, e universidades; valoraranse da seguinte forma:

Cursos de 15 ata 50 horas: 0,10 puntos.

Cursos de 50 ata 100 horas: 0,20 puntos.

Cursos de máis de 750 horas: 1 punto.

Nos documentos acreditativos da realización dos cursos deberá constar o número de horas destes. De non figurar, entenderase que teñen menos de 15 horas e, polo tanto, non serán valorados.

Base novena.- Convocatoria realización entrevista

1.- Unha vez terminada a fase de valoración do concurso, o presidente do tribunal publicará no taboleiro de anuncios e a páxina web do concello relación valorada obtida nesta fase por cada aspirante.

2.- Na devandita publicación figurará a convocatoria para a celebración da entrevista á que fai referencia a base sexta e sétima do presente prego.

Base décima.- Proposta de nomeamento do aspirante seleccionado e presentación de documentación

Unha vez terminado o proceso selectivo, o presidente do tribunal publicará no taboleiro de edictos do concello e na páxina web do concello o nome do/a aspirante proposto e elevará a dita proposición ao alcalde do concello, para que formule o nomeamento pertinente.

O aspirante proposto/a presentará, dentro do prazo de tres días naturais, desde que se faga pública a proposta, os docu-

mentos acreditativos das condicións que para tomar parte neste proceso selectivo se esixen na base requirida.

a) Certificado de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal exercicio da función para desempeñar.

b) Copia cotexada ou fotocopia (que deberá de presentar co orixinal para validar) do título, ou ben, xustificante de cumprir todos os requisitos para a expedición deste.

c) Copia cotexada ou fotocopia (que deberá de presentar co seu orixinal para validar) do título ou certificado de perfeccionamento no idioma galego, ou ben xustificante de cumprir todos os requisitos para a expedición deste.

d) Declaración xurada ou promesa de non ser separado mediante procedemento disciplinario de ningunha administración pública, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

Base undécima. Formalización da relación laboral temporal

1.- Unha vez concluído o proceso selectivo, o alcalde, de acordo coa proposta formulada polo tribunal de selección, procederá a formalizar a relación laboral temporal correspondente.

2.- O contrato que se lle realizará á persoa seleccionada é de obra ou servizo determinado e polo tempo que dure a resolución anual da subvención. Redactarase ao amparo do Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos traballadores en materia de contratos de duración determinada.

Base décima segunda. Bolsa de traballo

As persoas que presentasen as súas instancias pasarán igualmente a formar parte dunha bolsa de traballo, de tal maneira que, se o concello precisa dalgún/ha profesional destas características para cubrir o posto se queda vacante como consecuencia de producirse algunha das seguintes circunstancias:

- baixa por IT, do/a titular,

- baixa por maternidade da titular máis o permiso por lactación cando se acumule en xornadas completas,

- permisos do/a titular,

- vacante definitiva da praza por renuncia voluntaria do/a traballador/a ou por non superación do período de proba.

Entón acudirase á dita bolsa, seleccionando ao/á primeiro/a deles/as e soamente poderá seleccionarse ao/á seguinte a este/a, sempre e cando aquel/a rexeitase o posto, o que suporá pasar ao final da lista salvo que se dean as circunstancias de estar xa traballando, enfermo/a ou estar realizando algún curso de formación presencial coa finalidade de situarse en mellores condicións para acceder ao mercado laboral, o que deberá xustificarse mediante a documentación necesaria.

Se fose necesario acudir á bolsa, sendo o concello quen decide esta situación, a modalidade contractual que se empregará para contratar o dito persoal poderá variar en función da necesidade que se dea no momento, empregándose, cando proceda, as modalidades contractuais de interinidade, de servizo determinado ou de acumulación de tarefas, respectándose, en canto á duración do contrato, o establecido na lexislación laboral para cada modalidade contractual.

A duración desta bolsa será ata o 30.11.2018.

Disposición final

O tribunal queda autorizado para aclarar as dúbidas que xuridan na interpretación destas bases no eido da súa aplicación ao proceso avaluador, así como, para tomar os acordos necesarios para o seu bo desenvolvemento, determinando o modo de proceder, nos casos non previstos.

ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA

Don/Dona,

provisto/a de DNI n.º, con enderezo na R/

..... núm. piso

C.P. Localidade, Municipio

Provincia Teléfono.....

Informado/a da convocatoria pública realizada polo Concello da Pobra de Trives para a contratación laboral temporal, a tempo parcial, dun/dunha AVOGADO/A-LICENCIADO/A PARA O CIM,

DECLARO:

- 1º.- Que coñezo e acepto na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.
- 2º.- Solicito ser admitido/a ao referido procedemento de selección, e comprométome a someterme ás bases que o regulan.
- 3º.- Que autorizo ao Concello da Pobra de Trives para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e DNI) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web do Concello da Pobra de Trives, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

A Pobra de Trives, de de 2016

Asdo.:

SR. ALCALDE DO CONCELLO DA POBRA DE TRIVES



ANEXO II DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don/Dona

provisto/a de DNI n.º....., con enderezo na R/.....

..... núm. piso

C.P Localidade,..... Municipio

Provincia Teléfono.....

DECLARO:

Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que opto e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás comunidades autónomas ou ás entidades locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional doutro estado-, de non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

A Pobra de Trives,de.....2016

Asdo.: